

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. A fase da enfermidade na que empezan a aparecer os primeiros síntomas, aínda que escasos, denomínase:**

- A) Período de incubación o fase de latencia.
- B) Fase de estado.
- C) Fase prodrómica.
- D) Fase de resolución.

**2. Indica todos os ósos da cara:**

- A) Nasais, malares, lacrimais, cornetes inferiores, palatino e maxilar superior.
- B) Nasais, malares, lacrimais, cornetes superiores, palatino, unguis, maxilar superior e vómer.
- C) Nasais, malares, lacrimais, cornetes inferiores, palatino, maxilar superior, maxilar inferior e vómer.
- D) Nasais, malares, unguis, cornetes superiores, palatinos, maxilar superior e vómer.

**3. Na placa bacteriana de fosas e fisuras:**

- A) As bacterias predominantes son do grupo dos estreptococos.
- B) Non se atopan bacilos Gramnegativos e treponemas.
- C) As bacterias máis frecuentes son *S. sangis* e *S. salivaris*.
- D) Todas son certas.

**4. Sinala a resposta FALSA. Respecto á flora microbiana normal:**

- A) Estimula o sistema inmunitario.
- B) Non ten capacidade para producir enfermidades.
- C) Produce compostos antimicrobianos (bacteriocinas) que inhiben a proliferación doutras bacterias.
- D) Sintetiza vitaminas: Vitamina K, Vitamina B.

**5. Sinala a resposta FALSA. Os linfocitos T:**

- A) Son responsables da inmunidade humoral.
- B) Son procesados no timo.
- C) Están relacionados coas reaccións alérxicas.
- D) Están relacionados co rechazo aos enxertos.

**6. Cal dos seguintes instrumentos podería causar lesións polpares ou periodontais se non se usa con irrigación?**

- A) Aparello de ultrasóns.
- B) Spray de bicarbonato.
- C) Cepillo de profilaxe.
- D) Copa de pulido.

**7. Onde podemos atopar maior concentración de células nai?**

- A) Óso mandibular.
- B) Polpa dental.
- C) Tecido enxival.
- D) Cemento dental.

8. Que nervio deriva do primeiro arco branquial?

- A) Nervio nasofarínxeo.
- B) Nervio facial.
- C) Nervio vago.
- D) Nervio trixémimo.

9. Na clase I de Angle, a cúspide mesiovestibular do primeiro molar superior oclúe con:

- A) Por diante do suco vestibular do primeiro molar inferior.
- B) Por detrás do suco vestibular do primeiro molar inferior.
- C) Polo suco vestibular do homónimo inferior.
- D) A clase de Angle só se valora nos caninos.

10. Cal é a principal característica dun alimento cariostático?

- A) É susceptible da metabolización polos xermes da placa bacteriana.
- B) Estimula o fluxo salivar.
- C) Reduce os niveis de xermes por interferir no seu metabolismo.
- D) Non é metabolizado polos xermes da placa bacteriana.

11. Cal das seguintes vacinas recoméndase para todo o persoal sanitario?

- A) Hepatite A.
- B) Hepatite B.
- C) Tose ferina.
- D) Febre tifoide.

12. Que se utiliza para xerar microrretencións mecánicas no esmalte e aumentar a superficie de adhesión?

- A) Gravado acedo.
- B) Pasta de profilaxe.
- C) Selador de fisuras.
- D) Amorodo de diamante.

13. Que virus non ten vacina?

- A) Coronavirus (Sars-CoV-2).
- B) Virus varicela zóster.
- C) Virus hepatite C.
- D) Virus papiloma humano.

14. Que estrutura forma parte do periodonto de protección?

- A) A enxiva.
- B) O ligamento periodontal.
- C) O óso alveolar.
- D) O cemento dental.

**15. Para retirar a placa bacteriana, o mellor é:**

- A) A acción da clorhexidina.
- B) O uso de fluoruro de estaño.
- C) A cepilladura dental.
- D) O enxaugue con dextranasas.

**16. Que vitamina que se atopa nas hortalizas, sobre todo nas follas verdes, participa na coagulación sanguínea?**

- A) Vitamina K.
- B) Vitamina A.
- C) Vitamina C.
- D) Vitamina B<sub>2</sub>.

**17. As glándulas salivais son glándulas:**

- A) Exócrinas.
- B) Endócrinas.
- C) Anfócrinas.
- D) Holócrinas.

**18. A que vía de administración de medicamentos corresponden estas características: Vía máis cómoda, económica, máis segura e adecuada para tratamentos crónicos.**

- A) Vía oral.
- B) Vía inhalatoria.
- C) Vía intramuscular.
- D) Vía intravenosa.

**19. Nos procesos de desmineralización do esmalte. Sinala a correcta:**

- A) O Ph crítico da hidroxiapatita é 5.
- B) O Ph crítico da fluorapatita é 4,5.
- C) O Ph crítico da hidroxiapatita é 3,5.
- D) O Ph crítico da fluorapatita é 5,5.

**20. Que é a crista alveolar?**

- A) A cortical externa do óso alveolar.
- B) A cortical interna do óso alveolar.
- C) A unión da cortical externa coa cortical interna do óso alveolar.
- D) O óso esponxoso ou trabecular.

**21. A diferenciación das células que forman os tecidos duros dos dentes ten lugar en:**

- A) Estadio de campá.
- B) Estadio de xema.
- C) Estadio de carapucha.
- D) En ningún deles.

22. Si nos referimos á ergonómia en odontoloxía, a situación que debe adoptar o equipo de traballo ven determinada por uns círculos concéntricos:

- A) Separados entre si por 1 metro.
- B) Separados entre si por 0,5 metros.
- C) O círculo máis exterior corresponde aos profesionais.
- D) O centro dos círculos corresponde ao equipo dental.

23. A formación do esmalte levarase a cabo en:

- A) A mesoderma.
- B) A endoderma.
- C) A ectoderma.
- D) A crista neural.

24. Que factor é o que menos inflúe na comunicación co paciente?

- A) As palabras.
- B) O ton de voz.
- C) A linguaxe audiovisual.
- D) A linguaxe corporal.

25. De que cor se tinxen as bacterias usando a tinción de Gram?:

- A) De cor vermella as Gram positivas e verde as Gram negativas.
- B) De cor violeta as Gram positivas e rosa/vermello as Gram negativas.
- C) De cor verde as Gram positivas e violeta as Gram negativas.
- D) De cor vermella as Gram positivas e marrón as Gram negativas.

26. Que técnica de cepilladura lévase a cabo polos pais, colocando ao neno de costas a eles e apoiándose sobre o seu peito ou perna?

- A) Fones.
- B) Starkey.
- C) Stilman.
- D) Bass.

27. O conduto de Wirsung:

- A) É un conduto hepático.
- B) É un conduto pancreático.
- C) É un conduto renal.
- D) É un conduto salivar.

28. Na porción ascendente do duodeno desemboca:

- A) O conduto colédoco.
- B) O conduto de Wirsung.
- C) O conduto de Santorini.
- D) Ningunha é correcta.

**29. Destas funcións atribuíbles ao flúor, cal demostrou ser máis relevante?**

- A) Acción antibacteriana.
- B) Inhibición no almacenamento dos polisacáridos intracelulares.
- C) Remineralización dental.
- D) Acción antifúnxica.

**30. Que diferenzas hai entre a técnica de cepilladura de Charters e a de Hirschfield?**

- A) A de Charters realízase coa boca entreaberta e a de Hirschfield cos dentes en oclusión.
- B) A de Charters está indicada en pacientes con enfermidade periodontal e a de Hirschfield en nenos menores de 6 anos.
- C) A de Charters coloca as sedas do cepillo en ángulo de 45 graos respecto ao eixo lonxitudinal do dente e a de Hirschfield a 90 graos respecto á superficie vestibular dos dentes.
- D) Na de Charters realízanse movementos vibratorios e na de Hirschfield realízanse movementos verticais.

**31. Na evolución cronolóxica da formación da placa bacteriana, sinala a resposta FALSA:**

- A) Nas primeiras 8-12 horas, os microorganismos aséntanse de maneira lenta.
- B) Durante as primeiras 24 horas, o estreptococo mutans é normalmente escaso, salvo en zonas con carie.
- C) Ó cuarto día, aproximadamente, proliferan as fusobacterias.
- D) Na zona superficial da placa madura (14 días aproximadamente), predominan as bacterias anaerobias, na intermedia as facultativas e na interna as aerobias.

**32. Cal das seguintes fases da planificación dun Programa de Saúde Bucodental debe ser a primeira en realizarse?**

- A) Xerarquización dos programas e definición das directrices.
- B) Peritaxe e avaliación.
- C) Comprensión da realidade.
- D) Elaboración e execución da programación.

**33. As probas de detección precoz realízanse:**

- A) No período pre patoxénico.
- B) No período patoxénico subclínico.
- C) No período patoxénico clínico.
- D) No período de invalidez ou secuelas.

**34. Indica cal NON é unha lesión precancerosa da mucosa oral.**

- A) Leucoplasia.
- B) Lique plano erosivo en mucosa oral.
- C) Candidiase crónica vexetante.
- D) Linfanxioma.

**35. En que grupo de factores determinantes da saúde se inclúe un virus?**

- A) Estilo de vida.
- B) Sistema sanitario.
- C) Bioloxía humana.
- D) Medio ambiente.

**36. Que é o hardware nun equipo informático?**

- A) Todos os compoñentes que integran a parte física da computadora.
- B) As aplicacións informáticas instaladas.
- C) Todos os compoñentes que integran a parte lóxica dunha computadora.
- D) O conxunto de programas que emprega unha computadora.

**37. Sinala a FALSA. Para conseguir vapor de auga de calidade e que penetre en todas as bolsas, debemos ter en conta:**

- A) O autoclave debe ter depósitos independentes para a auga limpa e para a auga usada.
- B) O vapor de auga debe ser sobresaturado.
- C) Non debe existir aire dentro da cámara durante o proceso de esterilización.
- D) As solucións lubricantes deben ser solubles en auga e estar elaboradas especificamente para esterilización.

**38. Na realización da historia clínica dun paciente con parálise cerebral infantil a tratamento con anticonvulsivo, onde rexistraremos estes datos?**

- A) No plan de tratamento e prognóstico.
- B) Na exploración clínica.
- C) Na anamnese.
- D) Na historia do curso do proceso.

**39. Nos nenos, dos seguintes tipos de maloclusións elixa o considerado como un factor de risco a sufrir traumatismos dentais:**

- A) Clase I de Angle.
- B) Clase II división 1 de Angle.
- C) Clase II división 2 de Angle.
- D) Clase III de Angle.

**40. Que artigo dispón as funcións que pode desenvolver o hixienista dental en materia de saúde pública?**

- A) Artigo 2 da Lei 10/1986, do 17 de marzo.
- B) Artigo 2 do Real Decreto 537/1995, do 7 de abril.
- C) Artigo 11 do Real Decreto 1594/1994, do 15 de xullo.
- D) Artigo 11 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

**41. Indica a estrutura que NON está situada no maxilar inferior:**

- A) Espiña de Spix.
- B) Escotadura sigmoidea.
- C) Fosiña mirtiforme.
- D) Apófise geni superior e inferior.

**42. Cal non é un anticoagulante oral?**

- A) Heparina.
- B) Ácido acetilsalicílico.
- C) Warfarina.
- D) Acenocumarol.

**43. Na mastigación interveñen os seguintes músculos:**

- A) Pterigoideo interno, pterigoideo externo e cigomático menor.
- B) Maseter, temporal, cigomático maior e cigomático menor.
- C) Pterigoideo externo, pterigoideo interno, maseter e temporal.
- D) Cigomático maior, cigomático menor e maseter.

**44. Que reacción NON se desencadea coa unión antíxeno-anticorpo:**

- A) Precipitación.
- B) Neutralización.
- C) Evacuación.
- D) Aglutinación.

**45. Respecto á caducidade do material estéril. Sinala a resposta correcta:**

- A) A caducidade do material en bolsa de papel mixto de grao médico, envoltorio sinxelo é de 6 meses aproximadamente.
- B) A caducidade do material en bolsa de papel mixto de grao médico, envoltorio dobre é de 12 meses aproximadamente.
- C) Factores coma a manipulación ou as condicións de almacenaxe inflúen na caducidade.
- D) Todas son certas.

**46. Sinala a resposta correcta:**

- A) A glándula parótida drena a través do conduto de Warton e produce unha saliva predominantemente serosa.
- B) A glándula submaxilar drena a través do conduto de Stenon e produce unha saliva predominantemente mucosa.
- C) A glándula sublingual drena a través do conduto de Bartholin e outros condutos accesorios e produce unha saliva predominantemente serosa.
- D) A glándula de Von Ebner é puramente serosa.

**47. Sinala que anestésico dos citados non é inxectable.**

- A) Benzocaína.
- B) Articaína.
- C) Mepivacaína.
- D) Novocaína.

**48. Sinala a FALSA. Unha radiografía moi escura é causada por:**

- A) Exceso de tempo de exposición.
- B) Exceso de tempo no líquido fixador.
- C) Exceso de quilovoltaxe.
- D) Exceso de tempo no líquido revelador.

**49. A profesión de hixienista dental en España, creouse con:**

- A) A Lei 44/2003, do 21 de novembro.
- B) A Lei 10/1986, do 17 de marzo.
- C) A Lei 9/2002, do 11 de decembro.
- D) O Real Decreto 537/1995, do 7 de abril.

**50. En relación ás áreas de traballo na clínica dental, a zona ou área do operador (destro):**

- A) É a zona comprendida entre as 4 e as 7. Esta zona encóntrase comprendida entre o queixo e a punta do esterno do paciente.
- B) É a zona comprendida entre as 12 ou a 1 e as 7 ou as 8.
- C) É a zona comprendida entre as 12 e as 4.
- D) Ningunha resposta é correcta.

Preguntas de reserva

**51. O desenvolvemento e crecemento da cavidade bucal comeza:**

- A) Na segunda semana de xestación.
- B) Na terceira semana de xestación.
- C) Na cuarta semana de xestación.
- D) Na quinta semana de xestación.

**52. Si se produce un choque anafiláctico durante a anestesia é como consecuencia de:**

- A) Administrar a solución anestésica moi rapidamente.
- B) Administrar a solución anestésica moi fría.
- C) Unha técnica incorrecta da anestesia.
- D) Unha reacción alérxica a calquera dos compoñentes da anestesia.

**53. A glosite exfoliativa marxinal correspóndese con:**

- A) Lingua fisurada ou escrotal.
- B) Lingua dentada.
- C) Glosite romboidal media.
- D) Lingua xeográfica.

**54. A capacidade para reconstruír o historial da utilización ou da localización dun artigo ou produto mediante unha identificación rexistrada denomínase:**

- A) Trazabilidade.
- B) Verificación.
- C) Procesado.
- D) Acreditación.

**55. De que célula derívanse as plaquetas?**

- A) Eritrocitos.
- B) Trombocitos.
- C) Leucocitos.
- D) Macrófagos.

56. Lúa é unha nena de 3 anos e medio que acode a consulta acompañada polos seus pais. Ten risco de carie extrema. Que recomendación NON lle darías segundo o "Protocolo de diagnóstico, promoción e prevención da carie na primeira infancia" da Sociedade Española de Odontopediatría (SEOP):

- A) Revisión cada 1-3 meses.
- B) Despois do cepillado escupir pero non aclarar con auga.
- C) Enxaugarse con FNa ao 0.05% diario.
- D) Usar seda dental.

57. Mariña acode á consulta para a revisión do primeiro trimestre, está embarazada de 9 semanas. Na revisión diagnósticaselle carie nas pezas número 17 mesial e 24 distal. Que recomendacións lle darías respecto á obturación desas caries?:

- A) Que lle realicen as obturacións durante o primeiro trimestre porque a xenxivite é menor, e non dificulta a adhesión da obturación preto da enxiva.
- B) Que lle realicen as obturacións durante o segundo trimestre.
- C) Que lle realicen as obturacións durante o terceiro trimestre.
- D) Que lle realicen as obturacións despois do parto por se se complican poder realizar radiografías.

58. Sinala a resposta FALSA. Decidimos facer unha proba biolóxica ó noso autoclave:

- A) Os controis biolóxicos son os únicos que garanten a esterilidade.
- B) Sempre faremos a proba en caso de material implantable.
- C) É obrigatoria despois dunha reparación do autoclave.
- D) Faremos controis biolóxicos rutineiros cada 7 ciclos de esterilización.

59. Para conseguir un campo operatorio seco e obter un excelente acceso a superficies difíciles, así como reducir o risco de contaminación por aerosois, é imprescindible utilizar:

- A) Gasa.
- B) Dique de goma.
- C) Rolos de algodón.
- D) Máscara.

60. Unha paciente embarazada VIH positiva acode á USB para a realización dunha tartarectomía. Cando é o mellor momento do día para a realización do tratamento?

- A) Á primeira hora da xornada.
- B) A media mañá.
- C) A última cita da xornada.
- D) Na USB non se debe realizar este tratamento.

61. Se se necesitase usar curetas na zona mesial de molares inferiores posteriores, cal se utiliza?

- A) Langer nº 5/6.
- B) Gracey nº 15/16.
- C) Gracey nº 13/14.
- D) Gracey nº 9/10.

62. Paciente embarazada con púrpura trombocitopénica é citada para tartrectomía. O número de plaquetas ten que estar entre:
- A) 50.000–100.000 por milímetro cúbico de sangue.
  - B) 150.000–400.000 por milímetro cúbico de sangue.
  - C) Menos de 50.000 por milímetro cúbico de sangue.
  - D) Máis de 500.000 por centímetro cúbico de sangue.
63. Ó finalizar un ciclo do autoclave vemos condensación dentro das bolsas. Que medidas tomarías?
- A) Estendería as bolsas sobre unha superficie para que secan.
  - B) Gardaría as bolsas húmidas pero dentro dos caixóns.
  - C) Unha vez rematado o ciclo esperaría uns minutos para sacalo do autoclave.
  - D) Que as bolsas estean húmidas non lle afecta en nada.
64. Antón é un neno de 4 anos que acode á consulta acompañado polos seus pais. Determinouse que ten un risco de carie baixo. Segundo a "Guía de práctica clínica" da Sociedade Española de Epidemioloxía e Saúde Pública (SESPO). Que recomendacións lle daríamos?:
- A) Cepillar dúas veces ao día con pasta fluorada.
  - B) Despois do cepillado escupir os restos de pasta pero non enxaugarse con auga.
  - C) Revisións cada 6 meses.
  - D) Todas son certas.
65. Paciente de 13 anos que acode a consulta para saber se necesita tratamento ortodóncico. Na exploración obsérvase unha gran sobremordida vertical, vestibuloversión dos incisivos laterais superiores, linguoversión dos incisivos centrais superiores e unhas arcadas dentarias amplas. Segundo as clases de maloclusións de Angle, a cal correspondería?
- A) Maloclusión de clase I de Angle.
  - B) Maloclusión de clase II división 1 (Angle).
  - C) Maloclusión de clase II división 2. (Angle).
  - D) Maloclusión de clase III de Angle.
66. Acode á consulta por primeira vez, un paciente de 45 anos, fumador e con problemas de alcohol. Explícaselle que debe eliminar ou reducir factores de risco que poden desenvolver cancro oral como o tabaco e o consumo abusivo de alcohol, tamén que debe amañar as pezas 37 – 47 con obturacións defectuosas. Recomendáanse hábitos saudábeis como o consumo de frutas, verduras e unha boa hixiene oral. A que nivel de prevención do cancro oral nos referimos?
- A) Prevención Primaria.
  - B) Prevención Secundaria.
  - C) Prevención Terciaria.
  - D) A ningunha delas.

67. Breogán é un neno de 13 anos que acode á consulta para selar os segundos molares definitivos. Na exploración observamos xenxivite localizada na zona onde cambia a dirección do cepillo (incisivos laterais e caninos do lado dereito). No esmalte destas pezas presenta carie en estadio de mancha branca. Indica que característica NON atoparemos neste tipo de mancha:

- A) A superficie do esmalte na mancha branca é máis rugosa.
- B) A superficie do esmalte na mancha branca é opaca.
- C) A superficie do esmalte na mancha branca non ten brillo.
- D) A perda de translucidez na mancha branca diminúe co secado.

68. Un paciente acode á USB para a valoración do seu estado de saúde oral, cal dos seguintes factores non aumenta o risco carioxénico da súa dieta?

- A) Xerostomía, secundaria á inxesta de fármacos.
- B) Dietas especiais, incluíndo as que requiren inxestas frecuentes.
- C) Hipotonía das fazulas, beizos ou lingua.
- D) O consumo de fármacos que incorporan sorbitol.

69. A cureta Gracey 7/8 actívase normalmente colocando:

- A) O tallo terminal transversal respecto ao eixo maior do dente.
- B) O mango paralelo ao eixo menor do dente.
- C) O tallo terminal paralelo ao eixo maior do dente.
- D) O mango paralelo ao eixo maior do dente.

70. Nun paciente transplantado renal a tratamento con ciclosporina (inmunosupresor). Que repercusión oral podemos atopar con certa frecuencia?

- A) Agrandamento xenxival.
- B) Estomatite herpética.
- C) Epúlido.
- D) Estomatite aftosa.

71. Nun paciente de 4 anos, despois de ser avaliado na USB, considérase que ten un risco elevado de carie. Segundo o protocolo CAMBRA, recoméndase a utilización de fosfato cálcico. En que caso estaría contraindicado o seu uso?

- A) Nos pacientes diabéticos.
- B) Nos pacientes celíacos.
- C) Nos pacientes alérxicos a proteínas do leite de vaca.
- D) Nos pacientes intolerantes á lactosa.

72. Sinala a resposta FALSA. Durante o proceso de limpeza do material mediante ultrasóns:

- A) O material estará total ou parcialmente somerxido.
- B) A cubeta permanecerá tapada durante o ciclo.
- C) A limpeza do material prodúcese polo principio de cavitación.
- D) Non usaremos a limpeza por ultrasóns para instrumentos plásticos.

73. A Luis realizáronlle unha cirurxía para a exodoncia dun terceiro molar inferior. Para diminuír a inflamación e o trismus trátase cun corticoide. Por qué vía se pode administrar o tratamento?

- A) Vía oral.
- B) Vía sublingual.
- C) Vía intramuscular.
- D) A e C son correctas.

74. María é unha muller de 77 anos portadora de prótese completa superior e prótese parcial inferior. Na revisión confirmamos falta de hixiene oral, diminución do fluxo salival e sintomatoloxía compatible con estomatite protésica. María confírmanos que non retira as próteses para durmir. Dende o punto de vista microbiolóxico asociaremos a estomatite protésica con:

- A) Fusobacterium nucleatum.
- B) Fungos do xénero candida.
- C) Fungos do xénero aspergillus.
- D) Porfiromanas gingivalis.

75. Home que acode á consulta preocupado porque notou un "vulto" nunha peza dental. O odontólogo despois da exploración infórmalle que ten un molar que presenta un Tubérculo de Carabelli, en que peza dentaria o situarías?

- A) Primeiro molar inferior permanente.
- B) Segundo molar inferior temporal.
- C) Primeiro molar superior permanente.
- D) Segundo molar superior permanente.

76. Saleta é unha muller de 23 anos que acode á consulta con disfunción da articulación temporo mandibular. Que medidas relativas ó autocoidado lle recomendarías?:

- A) Limitar a amplitude dos bocexos agachando a cabeza.
- B) Evitar hábitos como: onicofaxia, mastigar gomas de mascar.
- C) Mastigar, se é posible, con ambos lados. Alimentación branda.
- D) Todas as recomendacións son correctas.

77. Para un mantemento periodontal, que principio activo, eficaz e sen efectos secundarios de tinguiduras, aconsellaría?

- A) Sanguinaria.
- B) Flúor.
- C) Triclosán.
- D) Clorhexidina.

78. Embarazada de 4 meses con flemón e dor, acode á consulta de odontoloxía para ser tratada. Na exploración vese bolsa de pus en peza 36 e inchazón. Á paciente pautáselle un antibiótico e paracetamol. Que antibiótico estaría indicado?

- A) Estreptomina.
- B) Tetraciclina.
- C) Amoxicilina.
- D) Cloranfenicol.

**79. Un paciente con leucemia acode a consulta cun leve sangrado xinxival e unha xinxivite. Que recomendacións se lle darán?**

- A) Prescribir antibióticos se existe infección oral.
- B) Indicarlle como realizar unha boa hixiene bucal sen usar cepillo normal.
- C) Enxaugaduras con clorhexidina ao 2 % nas fases agudas.
- D) B e C son correctas.

**80. Un neno de 8 anos acode á USB con manchas denegridas en todos os seus dentes; na súa historia clínica destaca que mantén unha dieta vexetariana e ten anemia. A que se pode deber esta manifestación oral?**

- A) Carie da primeira infancia.
- B) Acumulación de biofilme dental.
- C) Inxesta continuada de suplementos con ferro.
- D) Pigmentación alimentaria.

**81. Sabela é unha nena de 9 anos. Determinouse que ten un risco de carie alto. Segundo a "Guía de práctica clínica" da Sociedade Española de Epidemioloxía e Saúde Pública Oral (SESPO). Que tratamentos lle faríamos?:**

- A) Aplicacións de verniz de flúor 3 ou 4 veces ó ano.
- B) Realizar radiografías de aleta de mordida cada 6 meses.
- C) Reavaliar con sonda afiada posibles lesións de carie incipientes.
- D) Todas son falsas.

**82. Al gabinete odontolóxico ven unha nai coa súa filla de 4 anos e medio para primeira revisión bucodental. Dinos que a nena segue usando o chupete, sobre todo para durmir. Aconséllaselle que debe abandonalo para evitar unha maloclusión dentaria. Indica cal sería consecuencia do uso excesivo e prolongado de chupete:**

- A) Anomalías da forma dos dentes, o que fai que se produza unha maloclusión por falta de contacto normal.
- B) Desprazamento das pezas posteriores cara diante por perda prematura de pezas dentais.
- C) Prognatismo mandibular.
- D) Mordida aberta anterior e pode causar unha mordida cruzada posterior.

**83. A un neno de 10 anos durante canto tempo débesele aplicar xel de flúor para unha maior eficacia:**

- A) 2 minutos.
- B) 1 minuto.
- C) 4 minutos.
- D) Nunca máis de 3 minutos.

**84. Unha paciente que presenta unha placa branca idiopática ou provocada polo hábito crónico do tabaco, que non se desprende ao refregar, recoñécese como:**

- A) Candidiase pseudomembranosa aguda.
- B) Epúlide.
- C) Ampola.
- D) Leucoplasia.

85. Sinala a resposta FALSA. Antón é un home de 25 anos ao que lle entregan unha férula de descarga ríxida do maxilar superior. Acode a nosa consulta solicitando información. Dirémoslle que:

- A) Durante os primeiros días de uso pode notar exceso de salivación e alteración da fonación.
- B) Colocará a férula mollada e cos dedos. Evitará mordela para a súa inserción.
- C) Para a hixiene, o uso de produtos ou técnicas moi abrasivas na cara interna da férula pode alterar o seu axuste.
- D) Recomendaremoslle, para que sirva de reservorio de flúor, cepillar a férula con pasta fluorada.

86. Un neno de 6 anos acode á USB cos primeiros molares permanentes completamente erupcionados para a aplicación de seladores de fosas e fisuras. A que tipo de prevención corresponde este procedemento?

- A) Educación sanitaria.
- B) Prevención primaria.
- C) Prevención secundaria.
- D) Prevención terciaria.

87. Dous días despois de realizar unha exodoncia, acode o paciente con dor intensa e na exploración presenta un alvéolo seco e baleiro cuxas paredes están esbrancuxadas. Que infección pode ter?

- A) Celulite.
- B) Xenxivite.
- C) Alveolite.
- D) Osteite.

88. Unha paciente embarazada de 8 semanas acode á USB para unha primeira visita de embarazo. Na revisión obsérvase inflamación xenxival acompañada de placa bacteriana calcificada. Cando é o momento ideal para a realización do tratamento periodontal nesta paciente?

- A) Primeiro trimestre.
- B) Segundo trimestre.
- C) Terceiro trimestre.
- D) Despois do parto.

89. Uns días despois da exodoncia do cordal inferior esquerdo, Breixo acode á consulta con Alveolite seca. Sinala a resposta correcta respecto ao tratamento con Alveogyl:

- A) Tomará un comprimido cada 8 horas durante 5–7 días.
- B) Colocaráselle unha pequena cantidade no alvéolo e daráselle cita ós 5–7 días para retirarllo.
- C) Aplicará 2 gotas na zona da exodoncia mentras teña dor.
- D) Colocaráselle unha pequena cantidade no alvéolo.

90. Se necesitas afiar instrumental, cal é a única pedra natural que usarías?

- A) Arcansas.
- B) India.
- C) Carborundo.
- D) Cerámica.

91. Un paciente de 18 anos acode á consulta por dor a nivel da peza 17 e coa cara inchada nesa zona. Explórase e obsérvase unha carie profunda en dita peza pola cara mesial e tamén carie por distal do 16. Na súa historia pon que é alérxico á penicilina. Que tratamento para a infección se lle pode administrar?

- A) Amoxicilina.
- B) Ampicilina.
- C) Eritromicina.
- D) Amoxicilina e ácido clavulánico.

92. Nun adolescente que acode á USB e presenta unha enxiva arroibada e edematosa, con que poderíamos determinar o índice de sangrado xenxival?

- A) Sonda periodontal.
- B) Sonda de Nabers.
- C) Sonda explorador.
- D) Cureta universal.

93. Durante a curetaxe, que parte da folla se considera activa?

- A) A zona distal ata a curvatura maior.
- B) A zona próxima ao tallo funcional.
- C) O terzo medio da folla.
- D) O terzo final da folla.

94. A un neno que di cepillar os dentes habitualmente, quéreselle mostrar a diferenza entre placa recente e antiga. Que compoñente revelador de placa usariamos?

- A) Sulfato e tartracina.
- B) Azafrán.
- C) Eritrosina e verde de malaquita.
- D) Fucsia básica.

95. Nun paciente diabético ben controlado, con boa hixiene oral e enfermidade periodontal. Un tratamento periodontal adecuado:

- A) Non acentúa a progresión da periodontite.
- B) Contribúe ao control da diabetes.
- C) Só esixe revisións dentais a demanda.
- D) Debe complementarse periodicamente con terapia antibiótica.

96. Nun neno de 15 anos con próteses fixas, cal destas opcións é a máis axeitada para a limpeza de pónticos?

- A) Escarvadentes.
- B) Fío dental.
- C) Súper floss.
- D) Ultra floss.

97. Que medidas tomarías para facilitar que o vapor de auga se distribúa dentro do autoclave e penetre en todas as bolsas?

- A) Colocaría as bolsas evitando que toquen as paredes da cámara.
- B) Non enchería máis do 75%, aproximadamente, da cámara do autoclave.
- C) Colocaría as bolsas de papel mixto de grao médico de xeito que a cara de papel dunha bolsa tocara coa cara de papel doutra bolsa.
- D) Todas as medidas son correctas.

98. A un neno de 13 anos de idade, ao que se lle deron instrucións de hixiene oral, na segunda revisión presenta un nivel de placa xeral de 1/3 do dente con enxivas inflamadas. A nosa acción sería:

- A) Pauta antibiótica para restablecer as enxivas.
- B) Pauta de irrigadores orais.
- C) Volvemos realizar instrucións de hixiene oral, insistindo na importancia da retirada correcta da placa na casa.
- D) Deixamos de insistir pois nunca chegará a ter unha hixiene oral correcta.

99. Un señor de 60 anos que está tomando Sintrom con INR de 1,5 acode á consulta odontolóxica do Servizo Galego de Saúde para exodoncia. Que paso a seguir sería o correcto?

- A) A exodoncia realizarase sen problema.
- B) Espérase ao seguinte control de Sintrom e se o INR está entre 2-3 pódese facer a extracción.
- C) Realízase a extracción pero daríase tratamento antibiótico.
- D) Espérase ao seguinte control de Sintrom e se o INR está por encima de 4 pódese facer a extracción.

100. Un paciente acode á consulta cunha fractura extensa da coroa que involucra á dentina. Segundo a clasificación de Ellis de lesións traumáticas en dentición primaria e permanente, correspondería:

- A) Clase I.
- B) Clase II.
- C) Clase III.
- D) Clase IV.

101. Nunha conferencia para odontólogos, ademais de como realizar un traballo ergonómico, faise referencia a posicións e posturas do odontólogo. En relación coa posición sentada do profesional, é correcto:

- A) Ten peor alcance.
- B) Pódese realizar maior forza.
- C) Hai unha menor sobrecarga dos ligamentos e discos intervertebrais da zona lumbar.
- D) As respostas A e C son correctas.

102. Na "Guía de seguridade microbiolóxica en odontoloxía" do Ilustre Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España, califícase como material semicrítico aos materiais que non penetran nas mucosas pero poden estar en contacto con elas ou expostos a saliva, sangue ou outros fluídos. Para unha exodoncia usárase un espello e un fórceps. Esos materiais deben ser sometidos a:

- A) Para o fórceps esterilización e para o espello desinfección de alto nivel.
- B) Tanto o fórceps coma o espello deben ser esterilizados.
- C) Se por algún motivo non se poden esterilizar, someterémolos a unha desinfección de alto nivel.
- D) Todas son correctas.

103. Un paciente con síndrome de Down acode á USB para unha revisión. Cal das seguintes manifestacións orais é máis preponderante e agresiva nestes pacientes?

- A) Carie.
- B) Enfermidade periodontal.
- C) Sialorrea.
- D) Lique plano.

104. Tras un traumatismo dental nun paciente adulto, apréciase desprazamento do dente dentro do alveólo, o dente parece elongado, ten mobilidade e na radiografía apréciase aumento do espazo periodontal pero non fractura ósea; esta clínica é compatible con:

- A) Luxación intrusiva.
- B) Luxación extrusiva.
- C) Luxación lateral.
- D) Avulsión.

105. Pedro é un home de 45 anos que acode á consulta preocupado polo mal olor da boca. Coa exploración concluímos que a súa halitose é de orixe intraoral. Cales serían as principais bacterias implicadas?:

- A) Bacterias aerobias Gram positivas.
- B) Bacterias aerobias Gram negativas.
- C) Bacterias anaerobias Gram positivas.
- D) Bacterias anaerobias Gram negativas.

106. Durante a realización dunha tartarectomía, a que tipo de risco laboral corresponde a posibilidade de infección por salpicaduras a conxuntivas e mucosas, durante o manexo do aparello de ultrasóns?

- A) Risco químico.
- B) Risco ergonómico.
- C) Risco biolóxico.
- D) Risco por exposición a axentes físicos.

107. Un empregado dun consultorio dental comenta na rúa a un amigo detalles económicos e médicos dun paciente atendido, coñecido por ambos. Devandito acto considérase:

- A) Imprudencia grave.
- B) Imprudencia profesional.
- C) Delito.
- D) Falta.

108. Nos programas de educación para a saúde bucodental:

- A) Os pacientes só se relacionarán co odontólogo.
- B) Soamente o odontólogo intervéen.
- C) O hixienista só anotará e completará a información solicitada polo odontólogo.
- D) O hixienista intervéen nas fases de motivación e mantemento.

109. Ao entrar ao gabinete odontolóxico, a posición do paciente é tendido boca arriba na cadeira de brazos, co lombo paralelo ao chán e a cabeza ao mesmo nivel que os pés. Esta posición chámase:

- A) Posición recta.
- B) Posición de control.
- C) Posición supina.
- D) Posición equilibrada.

110. Ao gabinete odontolóxico chega unha auxiliar nova e explícanse os protocolos da clínica. Ao recordarlle as posicións de traballo do odontólogo e a auxiliar falamos da zona de transferencia tendo en conta que o profesional é destro.

- A) É a zona comprendida entre as 12 e a 1 e as 7 ou as 8.
- B) É a zona comprendida entre as 12 e as 4.
- C) É a zona comprendida entre as 4 e as 7.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.